

An abstract graphic consisting of several overlapping, blurred streaks of red and blue color. The streaks originate from the bottom left and fan out towards the top right, creating a sense of dynamic movement and energy. The colors are vibrant and the blurring gives it a fluid, almost liquid appearance.

Guía das ocupacións:

**PERSPECTIVA
DE EMPREGO
EN GALICIA**

Dirixido a

**PROFESIONAIS DO EMPREGO
REORIENTACIÓN PROFESIONAL**

XUNTA DE GALICIA



© XUNTA DE GALICIA. “GUÍA DAS OCUPACIÓNS”

EDITA:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE
DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN

ELABORA:

INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS
OBSERVATORIO DO EMPREGO

DESEÑO/MAQUETACIÓN:

CRISTINA RODRÍGUEZ

URL:

ESTA OBRA DISTRIBÚESE CUNHA LICENZA CC-ATRIBUCIÓN.COMPARTIRIGUAL 4.0
ESPAÑA DE CREATIVE COMMONS. PARA VER UNHA COPIA DE LICENZA, VISITE:
[HTTP://CREATIVECOMMONS.ORG/LICENSES/BY-SA/4.0/](http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/)

Desde o Instituto Galego das Cualificacións estanse a realizar estudos dirixidos a analizar a evolución do número de persoas contratadas nos distintos ámbitos territoriais, sectoriais e ocupacionais. Esta liña de traballos serve como base técnica para elaborar propostas de priorización de accións formativas que se axustan, en maior medida, aos requirimentos do mercado de traballo galego.

A realización deste estudo pretende continuar esta liña de traballos, pero incorporando elementos cuantitativos que nos permiten afondar en novos aspectos. En primeiro lugar, realízase unha análise ocupacional en sentido amplo, e non só unha análise centrada nas ocupacións con maior volume de contratación. Por outra banda, introdúcense indicadores máis exixentes, xa que non só imos ter en conta a evolución positiva do número de persoas contratadas, senón tamén a estabilidade laboral e o grao de oportunidade no mercado de traballo.

Como produto final de toda a información procesada, elaboramos unha guía, en formato ficha, das ocupacións que reflicten unha mellor perspectiva de emprego en Galicia, co fin de servir como referencia a persoas e profesionais do emprego que buscan unha orientación e/ou reorientación profesional dos seus itinerarios profesionais.

A proposta realizada neste estudo é o resultado da información estatística manexada desde o Observatorio do Emprego do Instituto Galego das Cualificacións con datos do ano 2019. En calquera caso, debemos ter en conta que o mercado de traballo amosa continuos cambios e evoluciona dentro dun contexto global e flexible, onde as innovacións tecnolóxicas e os requirimentos do mercado de traballo camiñan cara a un concepto de empresa 4.0, e onde as tecnoloxías emerxentes están a introducir novas competencias transversais que afectan aos distintos postos de traballo.

De feito, os últimos acontecementos relacionados coa crise sanitaria da COVID-19 son un exemplo de como o mercado de traballo pode experimentar unha forte transformación a curto e medio prazo. A futura análise das contratacións realizadas ao longo de 2020 daranos pistas sobre os efectos producidos pola pandemia no mercado laboral, aínda que podemos intuír que algunhas ocupacións seleccionadas neste estudo se verán claramente potenciadas, mentres que outras poden experimentar un lixeiro retroceso á espera de que o mercado de traballo realice unha serie de axustes dentro da denominada nova normalidade.

metodoloxía metodoloxía metodoloxía metodoloxía metodo

oloxía metodoloxía metodoloxía metodoloxía


ANÁLISE OCUPACIONAL

En primeiro lugar, decidiuse traballar, de xeito separado, a nivel de grandes grupos da Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO-2011), realizándose unha análise pormenorizada para cada un deles:

Directores e xerentes
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais
Técnicos e profesionais de apoio
Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores
Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores
Ocupacións elementais

Dentro de cada gran grupo, realizouse unha análise a nivel de CNO-2011 a 4 díxitos. O único filtro aplicado foi que **todos os grupos seleccionados contén con, polo menos, un total de 100 contratados no último ano**. Consideramos que esta cifra marca o mínimo imprescindible para poder traballar, permitíndonos tamén realizar unha análise de moitas ocupacións que, malia non se situaren dentro das máis contratadas de Galicia, si amosan unha evolución positiva que cómpre ter en conta na análise. Estas agregacións a 4 díxitos representan conxuntos de ocupacións afíns situados a un mesmo nivel profesional. As ocupacións que integran cada grupo son as utilizadas desde o Sistema de Intermediación do Sistema Público de Emprego (SISPE).

Exemplo de estrutura ocupacional



ANÁLISE DE INDICADORES

Os indicadores utilizados desde o Observatorio do Emprego van dirixidos a analizar diferentes aspectos, de xeito que cada un dos perfís seleccionados cumpre con todos os parámetros definidos en cada un deles:

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS CONTRATADAS

Este indicador estuda o número de persoas contratadas, independentemente do número de contratos que poidan ter cada unha delas. Esta variable utilízase co fin de evitar a temporalidade e a distorsión do dato real de creación de emprego. Dentro da ficha ocupacional aparece recollido na gráfica “perspectivas mercado de traballo”, variable “contratados”.

A análise parte daqueles grupos ocupacionais en que o número de persoas contratadas non diminuíu no último ano, pero ademais produciuse unha evolución positiva no último quinquenio, de xeito que **o número de contratados en 2019 foi superior á media das persoas contratadas nos catro anos anteriores**.

Selecciona os grupos de ocupacións que amosan unha tendencia positiva a medio prazo, para constatar un crecemento durante un período de tempo o suficientemente amplo como para poder extraer conclusións.

NÚMERO DE DEMANDANTES ANOTADOS NAS OFICINAS DE EMPREGO


Neste indicador tivemos en conta o total das seis demandas posibles a introducir por cada demandante nas oficinas de emprego de Galicia. Dentro da ficha ocupacional aparece recollido na gráfica “perspectivas mercado de traballo”, variable “demandas totais”.

A análise deste indicador pasa por contraponerse co resultado descrito no anterior. Esta análise conxunta podería facernos concluir que, nalgúns casos, o mercado de traballo pode estar evolucionando positivamente no número de persoas contratadas, pero este ritmo de crecemento non resulta suficiente para absorber toda a demanda potencial de traballadores anotados nas oficinas de emprego. Neste caso, atopamos unha sobresaturación de profesionais en determinadas ocupacións, polo que non resulta aconsellable orientar os traballadores cara a elas. Por exemplo, os auxiliares de axuda a domicilio, con excelente evolución no número de contratados, contan cun número medio de demandantes de emprego que está a superar a cifra anual de contratados.

Selecciona os grupos ocupacionais que presentan un déficit de persoas na procura de determinados postos de traballo.

Dentro de cada ficha de resultados, a gráfica “perspectivas mercado de traballo” conta cunha zona sombreada que indica o déficit de demandantes de emprego no grupo ocupacional, o que resultaría indicativo dunha boa ocupabilidade laboral.

Exemplo de gráfica



ESTABILIDADE LABORAL

Outro elemento que cómpre ter en conta é a estabilidade laboral que ofrecen os postos de traballo, como unha medida da calidade do emprego. Quedaron **eliminadas aquelas ocupacións que reflicten unha baixa estabilidade laboral**, é dicir, aquelas ocupacións cunha taxa de rotación máis elevada e unha menor porcentaxe de contratos indefinidos que a media xeral. Un exemplo serían os camareiros, ocupacións que moven moita contratación e unha forte demanda por parte do mercado de traballo, pero que reflicten unha estabilidade laboral baixa. Este indicador aparece recollido na ficha no apartado “estabilidade laboral”.

Selecciona os grupos ocupacionais que contan cunha estabilidade laboral media e alta.


A aplicación de todos estes filtros metodolóxicos deu como resultado un total de **37 grupos ocupacionais** que consideramos que son aqueles que presentan mellores perspectivas laborais en Galicia segundo datos recollidos ao longo de 2019.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

As **actividades que máis contratan** recollen o peso do volume total de contratos rexistrados distribuído por actividades económicas (CNAE 2009 a 2 díxitos).

A gráfica aparece con etiquetas de datos naquelas actividades que contan con, polo menos, un peso do 5% do total.

Exemplo de gráfica:



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

Perfil das persoas contratadas: recolle a variable máis repetida dentro do total dos contratados nese grupo ocupacional.


Perfil do demandante parado: recolle a variable máis repetida dentro das persoas que demandan traballar nese grupo ocupacional.

Esta información preséntase en termos porcentuais e refírese ás seguintes variables: xénero, grupo de idade e nivel académico. O nivel académico da contratación fai referencia ao nivel de estudos que consta no contrato de traballo, podendo darse a circunstancia de que a titulación do traballador sexa superior á que consta no documento contractual.

Toda a información sintetízase nun cadro final denominado PERFIL.

Exemplo de perfil:

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Mulleres	88 %	Homes	81 %
De 26 a 35 anos	36 %	De 36 a 45 anos	33 %
Outras titulacións	35 %	Titulados universitarios	41 %





índice

12	MÉDICO DE FAMILIA
14	VETERINARIO
16	FARMACÉUTICO
18	ÓPTICO OPTOMETRISTA
20	TERAPEUTA OCUPACIONAL
22	ENXEÑEIRO EN CONSTRUCCIÓN
24	ENXEÑEIRO 4.0
26	ANALISTA DE XESTIÓN
28	ESPECIALISTA CIBERSEGURIDADE
30	QUIROPRÁCTICO
32	MONITOR DE ACTIVIDADES
34	TÉCNICO EN SISTEMAS
36	PROGRAMADOR INFORMÁTICO
38	EMPREGADO DE LOXÍSTICA
40	TÉCNICO EMERXENCIAS
42	SUPERVISOR DE LIMPEZA
44	BAÑISTA SOCORRISTA
46	GANDEIRO DE VACÚN
48	TRABALLADOR OBRAS ESTRUTURAIS
50	INSTALADOR MATERIAL ILLANTE
52	VERIFICADOR AXUSTADOR
54	INSTALADOR LIÑAS ELÉCTRICAS
56	TRABALLADOR INDUSTRIA PEIXE
58	TRABALLADOR DO LEITE
60	ELABORADOR BEBIDAS ALCOHÓLICAS
62	ELABORADOR DE VIÑO
64	TRABALLADOR TRATAMENTO MADEIRA
66	OPERADOR PRODUTOS PAPEL
68	OPERADOR MAQUINARIA FIXA
70	MONTADOR E ENSAMBLADOR
72	OPERADOR MAQUINARIA FORESTAL
74	CONDUTOR DE MOTOCICLETAS
76	AXUDANTE DE COCIÑA
78	PREPARADOR COMIDA RÁPIDA
80	REPARTIDOR
82	PEÓN AGRÍCOLA
84	PEÓN GANDEIRO

MÉDICO DE FAMILIA



g 12

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


2111

Ocupacións incluídas

Médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria.
Médicos, medicina xeral

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como médicos de familia leva dous anos consecutivos de crecemento, despois de reflectir unha evolución irregular nos anos anteriores. No período 2017-2019 atopamos un incremento do 42% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos dous anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como médicos de familia resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Algo máis de 8 de cada 10 persoas que demandan traballar como médico de familia rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os médicos de familia (incluídos médicos familiares e de atención primaria) diagnostican, tratan e prevén enfermidades, lesións e outros trastornos físicos e mentais. Poden asumir a responsabilidade da prestación de atención médica continuada e completa a persoas, familias e comunidades.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Case 2 de cada 3 contratos a médicos de familia realízanse nas actividades sanitarias.

Outro sector que cómpre ter en conta é a Administración pública e, en menor medida, noutras actividades, especialmente nas relacionadas coa dependencia.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 250.

XÉNERO No último ano, algo máis de 3 de cada 5 persoas contratadas eran mulleres.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 35% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo está o intervalo de 36 a 45 anos, cun 22% do total das persoas contratadas. Os menores de 26 anos apenas teñen incidencia, xa que a súa gran maioría non teñen rematados os estudos requiridos, representando tan só un 2%.

NIVEL FORMATIVO O 93% das persoas contratadas contan cun título universitario. O Grao en Medicina parece un requisito exixible en case todos os contratos realizados neste grupo ocupacional.

Perfil	Persoas contratadas	Demandante parado
Mulleres	62 %	70 %
De 26 a 35 anos	35 %	47 %
Titulados universitarios	93 %	75 %



Clasificación nacional de ocupacións


2130

Ocupacións incluídas

Xenetistas veterinarios. Patólogos (medicina veterinaria).
Veterinarios

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como veterinarios leva medrando de xeito ininterrompido nos últimos catro anos, o que nos permite constatar un crecemento sostido das ofertas de traballo para estes profesionais. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 15% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Ao longo de todo o quinquenio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como veterinarios resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Algo máis de 7 de cada 10 persoas que demandan traballar como veterinario rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL


Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os veterinarios diagnostican, prevén e tratan enfermidades, lesións e disfuncións dos animais. Poden atender a gran diversidade de animais, especializarse no tratamento dun grupo determinado ou nunha especialidade concreta. Tamén poden prestar servizos profesionais en empresas comerciais que elaboran produtos biolóxicos e farmacéuticos.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Tres de cada cinco contratos a veterinarios realízase dentro da CNAE específica deste tipo de actividades.

O sector agrogandeiro tamén amosa unha importante presenza, concentrando unha quinta parte do total das contratacións destes profesionais (21%).



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 374.

XÉNERO No último ano, 7 de cada 10 persoas contratadas eran mulleres.

IDADE Case a metade das persoas contratadas pertence ao intervalo con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 48% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo está o intervalo seguinte, de 36 a 45 anos, cun 22% do total das persoas contratadas. En definitiva, 7 de cada 10 persoas contratadas están concentradas no segmento de 26 a 45 anos.

NIVEL FORMATIVO O 85% das persoas contratadas contan cun título universitario. O Grao en Veterinaria parece un requisito exixible na maioría dos contratos realizados neste grupo ocupacional.

Perfil	Persoas contratadas	Demandante parado
Mulleres	71 %	69 %
De 26 a 35 anos	48 %	38 %
Titulados universitarios	85 %	97 %



Clasificación nacional de ocupacións


2140

Ocupacións incluídas

Farmacéuticos de análises clínicas. Farmacéuticos de farmacia hospitalaria e atención primaria. Farmacéuticos especialistas en farmacia industrial. Farmacéuticos

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como farmacéuticos leva medrando de xeito ininterrompido nos últimos catro anos, o que nos permite constatar un crecemento sostido das ofertas de traballo para estes profesionais. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 23% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Ao longo de todo o quinquenio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como farmacéuticos resulta moi inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Sete de cada 10 persoas que demandan traballar como farmacéutico rexistran na súa demandade emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL


Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os farmacéuticos almacenan, manteñen, compoñen e dispensan medicamentos e aconsellan sobre o uso apropiado e os efectos adversos das drogas ou medicamentos seguindo as prescricións de médicos ou outros profesionais da saúde.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Algo máis de 9 de cada 10 contratos a farmacéuticos realízanse no comercio polo miúdo.

Outras actividades que cómpre ter en conta son a educación e a investigación e desenvolvemento, aínda que o peso resulta testimonial con respecto ao comercio.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 810.

XÉNERO No último ano, case 4 de cada 5 persoas contratadas eran mulleres.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 42% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo están os menores de 26 anos, cun 23% do total das persoas contratadas, polo que podemos confirmar o importante peso da contratación dos traballadores máis novos neste grupo ocupacional.


NIVEL FORMATIVO O 86% das persoas contratadas contan cun título universitario. O Grao en Farmacia parece un requisito exixible na maioría dos contratos realizados neste grupo ocupacional.

Perfil	Persoas contratadas	Demandante parado
Mulleres	78 %	76 %
De 26 a 35 anos	42 %	34 %
Titulados universitarios	86 %	88 %



ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

A cifra de contratados no ano 2019 resulta superior á media da contratación dos catro anos anteriores. Deste xeito, parece superarse o descenso da contratación destes profesionais reflectido no ano 2018.

No último ano atopamos un incrementado 16% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Ao longo de todo o quinquenio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como ópticos-optometristas resulta moi inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Sete de cada 10 persoas que demandan traballar como óptico-optometrista rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL


Alta estabilidade laboral
nestes postos de traballo.

Os ópticos-optometristas prestan servizos de diagnóstico e tratamento de desordes dos ollos e da visión. Aconsellan sobre o coidado dos ollos e prescriben dispositivos ópticos e outras terapias para os problemas de visión.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

A contratación deste grupo ocupacional aparece claramente nesgada cara a unha actividade económica. De feito, algo máis de 9 de cada 10 contratos a ópticos-optometristas realízase no comercio polo miúdo.

Tamén se aprecia unha lixeira contratación residual nas actividades sanitarias.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 186.

XÉNERO No último ano, o 77% das persoas contratadas eran mulleres.

IDADE A contratación deses profesionais concéntrase no colectivo de traballadores máis novos; de feito, aproximadamente 3 de cada 4 persoas contratadas teñen 35 anos como idade máxima. Desagregando por intervalos, o 40% dos contratados como ópticos-optometristas contan con idades comprendidas entre 26 a 35 anos, e un 37% con menos de 26 anos.


NIVEL FORMATIVO O 85% das persoas contratadas posúen un título universitario. O Grao en Óptica parece un requisito exixible na maioría dos contratos realizados neste grupo ocupacional.

Perfil	Persoas contratadas	Demandante parado
Mulleres	77 %	79 %
De 26 a 35 anos	40 %	45 %
Titulados universitarios	85 %	85 %



ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como terapeutas ocupacionais vén medrando de xeito continuado desde o ano 2016, aínda que nos dous últimos anos se está areflectir un estancamento da contratación. No período 2016-2019 observouse un incrementado 25% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

No último quinquenio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como terapeutas ocupacionais resulta inferior ao número total de persoas contratadas. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

A metade das persoas que demandan traballar como terapeutas ocupacionais rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.


ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os terapeutas ocupacionais aplican técnicas e realizan actividades de carácter ocupacional que tenden a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas, e a orientar e estimular o desenvolvemento de tales funcións.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

As actividades de dependencia concentran máis da metade das contratacións realizadas a terapeutas ocupacionais. En segundo termo, cómpre salientar a contratación noutras actividades, como os servizos de aloxamento e a sanidade.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 242.

XÉNERO No último ano, o 86% das persoas contratadas eran mulleres.

IDADE O 87% das persoas contratadas son menores de 36 anos. O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 56% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo está o intervalo dos menores de 26 anos, cun 31% do total das persoas contratadas.

NIVEL FORMATIVO Tres de cada catro persoas contratadas contan cun título universitario. A titulación superior parece ser un requisito exixible na maioría dos contratos realizados neste grupo ocupacional.

Perfil	Persoas contratadas	Demandante parado
Mulleres	86 %	95 %
De 26 a 35 anos	56 %	45 %
Titulados universitarios	74 %	80 %

ENXEÑEIRO EN CONSTRUCCIÓN



g 22

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


2432

Ocupacións incluídas

Enxeñeiros en construción e obra civil

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como enxeñeiros en construción e obra civil leva medrando de xeito ininterrompido nos últimos tres anos. No período 2016-2019 atopamos un incremento do 35% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

A pesar do incremento das contratacións, nos últimos anos viñamos observando un superávit destes profesionais no mercado de traballo galego. No en tanto, en 2019 apréciase como o número de persoas que demandan traballar como enxeñeiros en construción e obra civil está a resultar inferior ao número total de persoas contratadas. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Seis de cada 10 persoas que demandan traballar como enxeñeiros en construción e obra civil rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL


Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os enxeñeiros en construción e obra civil proxectan e dirixen a construción, o funcionamento e o mantemento de estruturas de enxeñaría civil (pontes, estradas, etc.) e investigan e asesoran sobre a materia.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

A actividade económica que máis contrata estes profesionais é a de servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas.

Outras actividades a ter en conta son as que compoñen o sector da construción: construción de edificios, enxeñaría civil e construción especializada, que concentran un 45% do total da contratación.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 275.

XÉNERO No último ano, algo máis de 3 de cada 4 persoas contratadas eran homes.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos, acadando algo máis da metade da contratación total, concretamente o 52% das persoas contratadas. En segundo termo están os traballadores incluídos no tramo inmediatamente superior, de 36 a 45 anos, cun 26% do total das persoas contratadas.

NIVEL FORMATIVO O 91% das persoas contratadas contan cun título universitario. A contratación destes profesionais parece requirir unha titulación superior como exigencia para poder traballar.

Perfil	Persoas contratadas	Demandante parado
Homes	77 %	66 %
De 26 a 35 anos	52 %	43 %
Titulados universitarios	91 %	89 %



Clasificación nacional de ocupacións

2439


Ocupacións incluídas

Enxeñeiros de deseño. Enxeñeiros de I+D.

Enxeñeiros de materiais. Enxeñeiros de seguridade.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas dentro deste grupo ocupacional leva medrando de xeito ininterrompido nos últimos catro anos, o que nos permite constatar un crecemento sostido das ofertas de traballo para estes profesionais. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 49% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Ao longo de todo o quinquenio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como enxeñeiros 4.0 resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tres de cada 10 persoas que demandan traballar nestas ocupacións relacionadas coa enxeñaría rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Este grupo primario abarca os enxeñeiros superiores e asimilados non clasificados separadamente no subgrupo 243. Consideramos denominalos “enxeñeiros 4.0”, xa que as ocupacións relacionadas teñen vinculación directa con algunhas das actividades englobadas dentro da nova industria: novos materiais, seguridade, deseño, I+D.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Estas ocupacións presentan un forte carácter transversal. En calquera caso, debemos salienta o peso das actividades de servizos, ensaios e análises técnicas, que representan un 26% do total da contratación. En segundo termo, cómpre destacar a educación e a investigación e desenvolvemento.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 427.

XÉNERO No último ano, case 7 de cada 10 persoas contratadas eran homes.

IDADE A maior porcentaxe de persoas contratadas pertence ao intervalo con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 46% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo, estaría o intervalo seguinte, de 36 a 45 anos, cun 31% do total das persoas contratadas. En definitiva, algo máis de 3 de cada 4 persoas contratadas están concentradas no segmento de 26 a 45 anos.

NIVEL FORMATIVO O 91% das persoas contratadas contan cun título universitario. O Grao en Enxeñaría parece un requisito exixible en case todos os contratos realizados neste grupo ocupacional.

Perfil	Persoas contratadas	Demandante parado
Homes	68 %	62 %
De 26 a 35 anos	46 %	44 %
Titulados universitarios	91 %	92 %

ANALISTA DE XESTIÓN



g 26

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


2621

Ocupacións incluídas

Analistas de xestión e organización

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como analistas de xestión e organización leva medrando de xeito ininterrompido nos últimos catro anos, o que nos permite constatar un crecemento sostido das ofertas de traballo para estes profesionais. No período 2015-2019, duplicouse o número de persoas contratadas como analistas, acadando un incremento do 109%.

OCUPABILIDADE LABORAL

Durante todo o quinquenio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como analistas resulta moi inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só 1 de cada 5 persoas que demandan traballar como analistas de xestión e organización rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.


Os analistas de xestión e organización axudanlles ás organizacións a conseguir unha maior eficacia e a resolver os problemas organizativos. Estudan as estruturas, os métodos, os sistemas e os procedementos das organizacións.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Estes profesionais teñen un carácter marcadamente transversal, de aí que a súa contratación apareza diseminada pola maioría das actividades económicas.

En calquera caso, cómpre salientar a súa presenza en certas ramas da industria (construción naval, sector metal), na consultoría informática e nos servizos técnicos.

- Fabricación doutro material de transporte
- Programación e consultoría
- Servizos técnicos de arquitectura
- Actividades administrativas
- Actividades das sedes centrais e de consultoría empresarial
- Fabricación de produtos metálicos
- Resto



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 222.

XÉNERO No último ano, case 3 de cada 5 persoas contratadas eran homes.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 40% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo están as persoas de entre 36 a 45 anos, cun 32% do total das persoas contratadas.

NIVEL FORMATIVO O 58% dos contratos realizados son a traballadores cun título universitario, pero tamén debemos destacar o importante peso das persoas con formación profesional, que concentran un 22% do total das contratacións.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	59 %	Mulleres	56 %
De 26 a 35 anos	40 %	De 26 a 35 anos	46 %
Titulados universitarios	58 %	Titulados universitarios	82 %

ESPECIALISTA CIBERSEGURIDADE



g 28

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


2729

Ocupacións incluídas

Especialistas en bases de datos e redes informáticas
(ciberseguridade)

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como especialistas en ciberseguridade leva medrando de xeito ininterrompido nos últimos tres anos. No período 2016-2019 atopamos un incremento do 60% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Durante todo o quinquenio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como especialistas en ciberseguridade resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda está a medrar nos últimos dous anos, o que indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só un 14% das persoas que demandan traballar como especialistas de seguridade rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL


Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Este grupo ocupacional inclúe os especialistas en bases de datos e redes de ordenadores non recollidos noutros grupos relacionados. Por exemplo, os especialistas en seguridade das tecnoloxías da información e comunicacións.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Case a metade das contratacións rexistradas a especialistas de seguridade concéntranse nas actividades de programación e consultoría informática.

O resto da contratación aparece diseminada en distintas actividades económicas, dadas o carácter transversal destes especialistas informáticos e a necesidade crecente de afianzar os sistemas de seguridade nas TIC.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 149.

XÉNERO No último ano, 7 de cada 10 persoas contratadas eran homes.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 41% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo están os menores de 26 anos, cun 26% do total das persoas contratadas, polo que podemos confirmar o importante peso da contratación dos traballadores máis novos neste grupo ocupacional.

NIVEL FORMATIVO O 38% das persoas contratadas contan cun título de formación profesional, seguidos de preto polos licenciados universitarios, que representan un 30% do total da contratación.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	71 %	Homes	82 %
De 26 a 35 anos	41 %	De 36 a 45 anos	43 %
Formación profesional	38 %	Formación profesional	59 %



Clasificación nacional de ocupacións

3329


Ocupacións incluídas

Educadores para a saúde. Quiroprácticos.

Técnicos en prevención comunitaria de toxicomanías

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

As persoas contratadas nesta área da saúde levan tres anos consecutivos de crecemento. No período 2016-2019 atopamos un incremento do 50% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos dous anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como quiropráctico resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só un 14% persoas que demandan traballar nestas áreas da saúde rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha estabilidade laboral media nestes postos de traballo.

Este grupo primario está composto por profesionais diversos asociados á saúde non clasificados noutros grupos. Inclúe diversas ocupacións como quiroprácticos, osteópatas, conselleiros de saúde e de planificación familiar e outros profesionais de nivel medio. Os datos manexados desde o Observatorio do Emprego fannos pensar que as boas perspectivas de emprego estean asociadas, en maior medida, ao perfil de quiropráctico.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Sete de cada 10 contratos a quiroprácticos teñen lugar en áreas asistenciais e sanitarias; de feito, o peso de ambas as dúas actividades é practicamente similar. Outro subsector que cómpre ter en conta é o dos servizos de aloxamento, o que indicaría unha contratación destes profesionais nalgúns actividades hostaleiras (balnearios, spas, etc).



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 272.

XÉNERO No último ano, case 9 de cada 10 persoas contratadas eran mulleres.

IDADE O 84% das persoas contratadas teñen como idade máxima os 45 anos. O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 36% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo están os intervalos de 36 a 45 anos, cun 26%, e os menores de 26, cun 22%.

NIVEL FORMATIVO O 35% das persoas contratadas están clasificadas dentro do apartado de "outras titulacións" e os traballadores con formación profesional aparecen en segundo lugar, cun peso do 33%. Nin a osteopatía nin a quiropráctica son actividades reguladas en Galicia, de aí que se admitan indistintamente profesionais con formación regrada con outros con formación non regulada.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Mulleres	88 %	Mulleres	81 %
De 26 a 35 anos	36 %	De 36 a 45 anos	33 %
Outras titulacións	35 %	Titulados universitarios	41 %



Clasificación nacional de ocupacións


3724

Ocupacións incluídas

Animadores turísticos. Coordinadores de tempo libre.
Monitores de educación e tempo libre. Monitores socioculturais.
Promotores de cursos de cultura e ocio

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como monitores recreativos levan crescendo de xeito sostido no último quinquenio. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 39% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nestes cinco anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como monitores recreativos resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só o 18% das persoas que demandan traballar como monitores recreativos rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os monitores de actividades recreativas e de entretemento organizan e dinamizan actividades de tempo libre aplicando técnicas específicas de animación grupal. Os animadores socioculturais no campo do lecer e do entretemento dinamizan, programan e desenvolven proxectos e actividades culturais e de ocio e tempo libre, fomentando a participación dos destinatarios.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Case a metade dos contratos a monitores deportivos realízanse nas actividades deportivas, recreativas e de entretemento. Outra actividade que cómpre ter en conta é a educación, que concentra un 23% do total das contratacións realizadas.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 10.910.

XÉNERO No último ano, algo máis de 3 de cada 5 persoas contratadas eran mulleres.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é o dos traballadores máis novos; de feito, o 44% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo está o intervalo de 26 a 35 anos, cun 35% do total das persoas contratadas. En definitiva, case 4 de cada 5 persoas contratadas teñen menos de 36 anos.

NIVEL FORMATIVO Aproximadamente, a metade das persoas contratadas só contan como formación máxima co ensino obrigatorio. Os cursos de tempo libre e os certificados de profesionalidade proporcionan formación nestas disciplinas, polo que non resulta imprescindible contar con formación académica de nivel superior para poder traballar.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Mulleres	62 %	Mulleres	78 %
Menores de 26 anos	44 %	De 26 a 35 anos	41 %
Ensino obrigatorio	32 %	Titulados universitarios	42 %

TÉCNICO EN SISTEMAS



g 34

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


3811

Ocupacións incluídas

Técnicos en operacións de sistemas informáticos

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como técnicos en operacións de sistemas informáticos reflicten un crecemento sostido no último quinquenio. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 64% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos cinco anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como técnicos en operacións de sistemas informáticos resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Un de cada catro persoas que demandan traballar como técnicos de operación de sistemas informáticos rexistra na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os técnicos en operacións de sistemas informáticos facilitan as tarefas de proceso, operación e seguimento dos sistemas de tecnoloxías da información e as comunicacións, incluídas as redes de área local e estendida (LAN e WAN), así como os equipos e o software asociados, co fin de garantir un rendemento óptimo e a identificación dos problemas existentes.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Case a metade da contratación concéntrase nas actividades propias de programación e consultoría informática. En segundo termo, cómpre salientar os servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 1.194.

XÉNERO No último ano, 4 de cada 5 persoas contratadas eran homes.

IDADE Sete de cada 10 contratos realizados rexístranse no intervalo de 26 a 45 anos. O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 42% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo está o intervalo de 36 a 45 anos, cun 28% do total das persoas contratadas.

NIVEL FORMATIVO A metade das persoas contratadas contan cun título de formación profesional e, en segundo termo, aparecen os titulados universitarios, cun 23% das contratacións.

Perfil	Persoas contratadas	Demandante parado
Homes	81 %	83 %
De 26 a 35 anos	42 %	40 %
Formación profesional	51 %	61 %

PROGRAMADOR INFORMÁTICO



g 36

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


3820

Ocupacións incluídas

Programadores informáticos

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como programadores informáticos leva tres anos consecutivos crescendo. No período 2016-2019 atopamos un incremento do 27% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos tres anos, coincidindo co período de crecemento contractual, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como programadores informáticos resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Case 2 de cada 5 persoas que demandan traballar como programadores informáticos rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.


ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os programadores informáticos redactan e manteñen código de programa esbozado en instrucións e especificacións técnicas para aplicacións de software e sistemas operativos.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Practicamente 3 de cada 4 contratos a programadores teñen lugar na actividade de programación e consultoría informática. O resto da contratación aparece diseminada en distintas actividades, aínda que destaca lixeiramente a actividade de servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 1.412.

XÉNERO No último ano, algo máis de 4 de cada 5 persoas contratadas eran homes.

IDADE Case 8 de cada 10 contratos rexistrados realízanse a menores de 36 anos. O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos, un 46% das persoas contratadas. En segundo termo está o intervalo dos menores de 26 anos, cun 32% do total. O sector parece demandar traballadores novos, situación que provoca que o perfil do parado habitual pertenza maioritariamente ao intervalo de 36 a 45 anos.

NIVEL FORMATIVO Este perfil demanda traballadores cualificados, presentando un peso porcentual similar os titulados de formación profesional e os titulados universitarios (38% ambos os dous).

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	82 %	Homes	77 %
De 26 a 35 anos	46 %	De 36 a 45 anos	42 %
Formación profesional	38 %	Formación profesional	49 %

EMPREGADO DE LOXÍSTICA



g 38

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións

4123


Ocupacións incluídas

Axentes de transporte, en xeral. Empleados administrativos dos servizos de transporte, en xeral. Factores de empresa de transportes. Xefes de estación de transportes por estrada e/ou ferrocarril. Transitarios (certificación DXT)

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO

● Contratados
● Demandas totais



CRECIMENTO

A cifra de contratados no ano 2019 resulta superior á media da contratación dos catro anos anteriores. Deste xeito, parece superarse o descenso da contratación destes profesionais reflectido no ano 2018.

No último ano atopamos un incremento do 6% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Ao longo de todo o quinquenio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como empregados de loxística e transporte de pasaxeiros e mercadorías resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só un 15% das persoas que demandan traballar como empregados de loxística rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os empregados de loxística e transporte de pasaxeiros e mercadorías manteñen os rexistros das operacións de transporte de pasaxeiros e mercadorías por estrada e ferrocarril ou por vía aérea, coordinan a frecuencia de tales servizos e preparan informes para a dirección.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Máis da metade da contratación deste perfil profesional concéntrase, por un lado, nas actividades de almacenamento e actividades anexas ao transporte e, por outro, no transporte terrestre.

O resto das contratacións, agás unha certa presenza no comercio por xunto, denotan un perfil profesional cun marcado carácter transversal.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 620.

XÉNERO No último ano, practicamente 7 de cada 10 persoas contratadas eran homes. Esta situación contrasta co feito de que o 57% das paradas sexan mulleres.

IDADE Dúas de cada tres persoas contratadas teñen de 26 a 45 anos. Desagregando por intervalos, o 35% dos contratados contan con idades comprendidas entre 26 e 35 anos, e un 30% teñen entre 36 e 45 anos. Pola contra, o perfil máis habitual do demandante parado sitúase nun tramo de maior idade: de 46 a 55 anos.

NIVEL FORMATIVO O 32% das persoas contratadas contan cun título de bacharelato. Este perfil parece demandar unha titulación xenérica, sen que se valore especialmente a formación profesional.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	69 %	Mulleres	57 %
De 26 a 35 anos	35 %	De 46 a 55 anos	31 %
Bacharelato	32 %	Formación profesional	29 %



ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como técnicos de emerxencias sanitarias leva dous anos consecutivos de forte crecemento, despois de reflectir unha evolución irregular nos anos anteriores. No período 2017-2019 atopamos un incremento do 188% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

A pesar da traxectoria irregular das contratacións, podemos apreciar como, durante todo o quinquenio, o número de persoas que demandan traballar como técnicos de emerxencias sanitarias resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo dos cinco anos. Este diferencial entre oferta e demanda acrecentouse notablemente en 2019, o que indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só un 12% das persoas que demandan traballar como técnicos en emerxencias sanitarias rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.


ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os técnicos en emerxencias sanitarias prestan coidados médicos de urxencias a pacientes que se atopan feridos, enfermos, débiles ou que presentan outra indisposición física ou mental, antes e durante o traslado a instalacións médicas.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Case 2 de cada 3 contratos a técnicos de emerxencias realízanse dentro das actividades sanitarias. Outro sector a considerar é o dos transportes terrestres. Debemos ter en conta que este perfil profesional require formación específica, xa que, noutro caso, estaríamos a falar do grupo primario de condutores de taxis, automóviles ou furgonetas.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 363.

XÉNERO No último ano, o 57% das persoas contratadas eran homes, fronte a un 59% de mulleres paradas que demandan traballar como técnicas de emerxencias sanitarias.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos, o 40% das persoas contratadas. En segundo termo, sería o intervalo de 36 a 45 anos cun 27% do total das persoas contratadas.

NIVEL FORMATIVO O 58% das persoas contratadas contan cun título de formación profesional, seguidas polos traballadores con ensino obrigatorio, que acadan un 17% da contratación. As persoas con título da ESO ou equivalente poden cursar o certificado de profesionalidade que habilita para traballar como técnico en emerxencias sanitarias.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	57 %	Mulleres	59 %
De 26 a 35 anos	40 %	De 36 a 45 anos	41 %
Formación profesional	58 %	Formación profesional	50 %

SUPERVISOR DE LIMPEZA



g 42

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións

5831

Ocupacións incluídas

Encargados de lenzaría e lavandaría (hostalaría).
Gobernantes (hostalaría). Mordomos de hostalaría

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como supervisores de mantemento e limpeza en oficinas, hoteis e outros establecementos leva medrando de xeito ininterrompido nos últimos tres anos. No período 2016-2019 atopamos un incremento do 12% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Ao longo de todo o quinquenio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como supervisores de mantemento e limpeza resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo dos cinco anos. Este diferencial entre oferta e demanda está a medrar no último ano, o que indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Case 3 de cada 10 persoas que demandan traballar como supervisores de mantemento e limpeza rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os supervisores de mantemento e limpeza en oficinas, hoteis e outros establecementos organizan, supervisan e realizan funcións de limpeza e mantemento co fin de manter limpos e ordenados os recintos e mais o mobiliario e os utensilios dos ditos establecementos.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Máis da metade das contratacións rexistradas a supervisores de mantemento e limpeza concéntranse nas actividades de hostalaría, especialmente nos servizos de aloxamento. O resto da contratación aparece diseminada en distintas actividades económicas, dado o carácter transversal destes profesionais.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 648.

XÉNERO No último ano, algo máis da metade das persoas contratadas eran homes, mentres que a gran maioría dos demandantes parados son mulleres.

IDADE O groso das contratacións deste perfil profesional concéntrase no intervalo de idade de 36 a 55 anos, concretamente o 56% da contratación total. O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 36 e 45 anos, o 30% das persoas contratadas. En segundo termo sitúanse os do intervalo de 46 a 55 anos, cun 26% do total das persoas contratadas. O perfil máis habitual de demandantes parados conta con máis de 55 anos, pero este grupo de idade só concentra un 9% da contratación.

NIVEL FORMATIVO Sete de cada 10 persoas contratadas son persoas non cualificadas, cunha formación máxima de ensino obrigatorio.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	53 %	Mulleres	84 %
De 36 a 45 anos	30 %	Máis de 55 anos	43 %
Certificado escolaridade	37 %	Certificado escolaridade	30 %

BAÑISTA SOCORRISTA



g 44

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


5992

Ocupacións incluídas

Bañistas-socorristas

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

A cifra de contratados no ano 2019 resulta superior á media da contratación dos catro anos anteriores. Deste xeito, parece superarse o descenso da contratación destes profesionais reflectido no ano 2018.

No último ano atopamos un incremento do 3% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Durante todo o quinquenio, podemos apreciar que o número de persoas que demandan traballar como bañistas-socorristas resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Dúas de cada cinco persoas que demandan traballar como bañistas-socorristas rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os bañistas-socorristas vixían instalacións e zonas de baño e acoden a socorrer persoas en risco de afogar ou en caso de accidente ou necesidade.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Tres de cada catro contratacións distribúense entre as actividades deportivas e recreativas (45%) e a Administración pública (31%). A contratación de socorristas no período estival por parte dos concellos explicaría o importante peso da Administración na contratación destes profesionais.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 1.455.

XÉNERO No último ano, algo máis de 3 de cada 4 persoas contratadas eran homes.

IDADE Algo máis de 4 de cada 5 persoas contratadas teñen menos de 36 anos. Desagregando por intervalos, o 43% dos contratados contan con idades comprendidas entre 26 e 35 anos e un 39% son menores de 26 anos.

NIVEL FORMATIVO Tres de cada catro contratos realizados corresponden a traballadores que non posúen formación específica, en primeiro lugar o ensino obrigatorio (33%) e, en segundo termo, tanto os bachareis (21%) como as persoas con certificado de escolaridade (21%). O colectivo con formación profesional só reflicte un 14% do total da contratación. Os certificados de profesionalidade de socorrismo habilitan profesionalmente os traballadores, de aí que a formación profesional regrada non teña especial repercusión para os efectos da contratación neste grupo ocupacional.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	77 %	Homes	75 %
De 26 a 35 anos	43 %	De 26 a 35 anos	47 %
Ensino obrigatorio	33 %	Formación profesional	39 %

GANDEIRO DE VACÚN



g 46

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións

6201


Ocupacións incluídas

Traballadores de gando vacún, en xeral

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO

- Contratados
- Demandas totais



CRECIMENTO

A cifra de contratados no ano 2019 resulta superior á media da contratación dos catro anos anteriores. Deste xeito, e malia rexistrarse unha traxectoria un tanto irregular, a tendencia alcista queda patente no último ano. En 2019 atopamos un incremento do 11% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

No último trienio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como traballadores cualificados en gandería de vacún resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Unha de cada catro persoas que solicitan traballar como gandeiros de vacún rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL


Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os traballadores cualificados en actividades gandeiras de vacún planifican, organizan e realizan operacións de cría e coidado de gando vacún para a produción de carne, leite e outros produtos lácteos e peles. A produción destínase, principal e exclusivamente, á comercialización a través de comerciantes por xunto, organizacións comerciais ou mercados.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

A contratación deste grupo ocupacional aparece concentrada no subsector agrogandeiro.

De feito, algo máis de 9 de cada 10 contratos a gandeiros de vacún ten lugar nesta actividade económica.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 165.

XÉNERO No último ano, algo máis de 4 de cada 5 das persoas contratadas eran homes.

IDADE Tres de cada cinco persoas contratadas teñen entre 26 e 45 anos. Desagregando por intervalos, o 31% dos contratados como gandeiros de vacún contan con idades comprendidas entre 36 a 45 anos e un 28% teñen entre 26 e 35 anos. Pola contra, atopamos que a concentración de demandantes parados ten lugar no intervalo de máis idade, os maiores de 55 anos, no cal se concentra o menor número de contratacións (10%).

NIVEL FORMATIVO Algo máis de 9 de cada 10 persoas contratadas son persoas non cualificadas. Un 57% con certificado de escolaridade e un 37% con titulación de ensino obrigatorio.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	82 %	Homes	76 %
De 36 a 45 anos	31 %	Maiores de 55 anos	32 %
Certificado escolaridade	57 %	Certificado escolaridade	66 %

TRABALLADOR OBRAS ESTRUTURAIS



g 48

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


7199

Ocupacións incluídas

Operarios especializados en demolición. Colocadores de prefabricados lixeiros (pladur). Montadores de estadas. Operarios de construción traballos a grande altura

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como traballadores en obras estruturais de construción leva tres anos consecutivos de crecemento. No período 2016-2019 atopamos un incremento do 30% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos tres anos, coincidindo co período de crecemento contractual, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como traballadores de obras estruturais resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só o 18% das persoas que demandan traballar en obras estruturais da construción rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL


A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os traballadores das obras estruturais da construción non clasificados separadamente no subgrupo principal 71 denominado “Traballadores en obras estruturais de construción e afíns.”

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Algo máis de 4 de cada 5 contratos a traballadores en obras estruturais da construción concéntrase nas actividades que compoñen o sector da construción.

Dentro destas, destaca especialmente a construción especializada, que reflicte un 52% do total da contratación.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 1.441.

XÉNERO No último ano, case todas as persoas contratadas eran homes.

IDADE Tres de cada cinco contratos rexistrados realízanse no intervalo de 36 a 55 anos. O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 36 e 45 anos, un 33% das persoas contratadas. En segundo termo sitúase o intervalo de 46 a 55 anos, cun 27% do total.

NIVEL FORMATIVO O 78% das persoas contratadas son persoas non cualificadas: con ensino obrigatorio un 41% do total e con certificado de escolaridade un 37%.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	98 %	Homes	99 %
De 36 a 45 anos	33 %	De 46 a 55 anos	32 %
Ensino obrigatorio	41 %	Certificado escolaridade	55 %

INSTALADOR MATERIAL ILLANTE



g 50

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


7292

Ocupacións incluídas

Instaladores de illamentos

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como instaladores de illamentos de material illante térmico e de insonorización levan dous anos consecutivos de crecemento, despois de reflectir unha evolución irregular nos anos anteriores. No período 2017-2019 atopamos un incremento do 49% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos dous anos, podemos apreciar que o número de persoas que demandan traballar como instaladores de material illante resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade. Unha de cada catro persoas que demandan traballar como instaladores de material illante rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os instaladores de material illante térmico e de insonorización instalan e reparan material illante en edificios, caldeiras, tubaxes e instalacións de refrixeración e climatización, e insonorizan espazos interiores.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Case 4 de cada 5 contratos a instaladores de material de illamento rexístranse nas actividades de construción especializada. Outro 13% da contratación reflíctese no sector do metal, xa que estes profesionais tamén realizan o illamento de equipos industriais, non só no ámbito da edificación.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 503.

XÉNERO Trátase dunha ocupación totalmente masculinizada, o 97% dos contratados son homes.

IDADE Tres de cada cinco contratos son realizados a traballadores de entre 36 e 55 anos. O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 36 e 45 anos; de feito, o 35% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo está o intervalo de 46 a 55 anos, cun 25% do total das persoas contratadas. Os menores de 25 anos representan tan só o 9% da contratación, polo que, aínda que non parece requirirse formación específica, si parece exixirse un certo grao de experiencia profesional.

NIVEL FORMATIVO Dous de cada tres contratos son realizados a persoas con baixa cualificación. Concretamente, un 36% con ensino obrigatorio e un 31% con certificado de escolaridade.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	97 %	Homes	98 %
De 36 a 45 anos	35 %	De 36 a 45 anos	34 %
Ensino obrigatorio	36 %	Certificado escolaridade	52 %

VERIFICADOR AXUSTADOR



852

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


7322

Ocupacións incluídas

Armeiros-axustadores. Cerralleiros/coiteleiros.
Matriceiros-moldistas de metais. Mecánicos-axustadores.
Verificadores-trazadores de metais

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

A cifra de contratados como verificadores/axustadores no ano 2019 resulta superior á media da contratación dos catro anos anteriores. Deste xeito, a pesar de rexistrarse unha traxectoria un tanto irregular, a tendencia alcista queda patente no último ano.

En 2019 atopamos un incremento do 28% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos dous anos, podemos apreciar que o número de persoas que demandan traballar como verificadores-axustadores resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Case 2 de cada 5 persoas que demandan traballar neste grupo ocupacional rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os ferramentistas e afíns fabrican e reparan ferramentas á medida e especiais, armas de uso deportivo, cerraduras, modelos, matrices e outras pezas de motores ou máquinas, utilizando ferramentas manuais e mecánicas para traballar o metal con precisión.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Algo máis da metade da contratación aparece concentrada na actividade económica de servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas. O resto da contratación aparece distribuída entre diferentes ramas de actividade industrial, especialmente na fabricación de produtos metálicos.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 462.

XÉNERO No último ano, o 84% das persoas contratadas eran homes.

IDADE Dúas de cada tres persoas contratadas teñen entre 26 e 45 anos. Desagregando por intervalos, o 35% dos contratados como verificadores axustadores teñen idades comprendidas entre 26 e 35 anos, e un 29% están no intervalo de 36 a 45 anos. Pola contra, atopamos que a concentración de demandantes parados ten lugar no intervalo de máis idade, os maiores de 55 anos, no cal se concentra o menor número de contratacións (5%).

NIVEL FORMATIVO Un 43% das persoas contratadas posúen ensino obrigatorio e un 31%, formación profesional. Aínda que o grupo non cualificado segue a ser maioría, apréciase un certo requirimento de profesionais con formación específica. En calquera caso, os traballadores con ESO contan coa posibilidade de ter feito algún certificado de profesionalidade relacionado.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	84 %	Homes	94 %
De 26 a 35 anos	35 %	Maiores de 55 anos	32 %
Ensino obrigatorio	43 %	Certificado escolaridade	51 %

INSTALADOR LIÑAS ELÉCTRICAS



854

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións

7522

Ocupacións incluídas


Empalmadores de cables eléctricos aéreos e subterráneos.

Instaladores-reparadores de liñas de enerxía eléctrica.

Instaladores-reparadores de liñas eléctricas de alta tensión.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

O número de persoas contratadas como instaladores reparadores de liñas eléctricas leva dous anos consecutivos de forte crecemento, despois de reflectir unha lixeira evolución negativa nos anos anteriores. No período 2017-2019 atopamos un incremento do 27% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Durante os últimos tres anos, o número de persoas que demandan traballar como instaladores reparadores de liñas eléctricas resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda acrecentouse notablemente en 2019, o que indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só un 18% das persoas que demandan traballar como instaladores reparadores de liñas eléctricas rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.


ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os instaladores e reparadores de liñas eléctricas instalan, reparan e empalman cables de transmisión e alimentación eléctrica e equipos afíns.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

O 94% da contratación concéntrase no sector da construción, fundamentalmente na construción especializada, que concentra un 85% do total das contratacións, fronte a un 9% na enxeñaría civil.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 502.

XÉNERO No último ano, practicamente todas as persoas contratadas eran homes, acadando o 99% das contratacións.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 36 e 45 anos, o 31% das persoas contratadas. En segundo termo está o intervalo de 26 a 35 anos, cun 27% do total das persoas contratadas.

NIVEL FORMATIVO Case 4 de cada 5 contratos realízanse a persoas non cualificadas, o 42% con certificado de escolaridade e un 37% con ensino obrigatorio. O instalador de baixa tensión é unha profesión regulada que require un título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade. Esta segunda opción é a que parece ter unhas mellores perspectivas de emprego.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	99 %	Homes	98 %
De 36 a 45 anos	31 %	De 36 a 45 anos	29 %
Certificado escolaridade	42 %	Formación profesional	33 %

TRABALLADOR INDUSTRIA PEIXE



856

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


7702

Ocupacións incluídas

Cocedores de peixes e mariscos. Limpadores-preparadores de peixe para conservas. Traballadores na preparación de peixe para conservas

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABALLO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como traballadores das industrias do peixe levan catro anos consecutivos de crecemento. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 40% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos dous anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como traballadores nas industrias do peixe resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Practicamente 3 de cada 10 persoas que demandan traballar nesta industria rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha estabilidade laboral media nestes postos de traballo.

Os traballadores das industrias do peixe sacrifican peixes, limpan, cortan e elaboran diversos produtos a base de peixe, retiran ósos e preparan produtos de alimentación afíns ou conservan o peixe e outros alimentos e produtos alimenticios secándoos, salgándoos ou afumándoos.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Algo máis de 3 de cada 4 contratos a estes profesionais ten lugar na industria de alimentación.

En segundo termo, aparece salientado o comercio por xunto, seguido de lonxe pola pesca e acuicultura e polas actividades de almacenamento.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 6.873.

XÉNERO No último ano, 7 de cada 10 persoas contratadas eran mulleres.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 36 e 45 anos; de feito, o 31% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo, atopamos unhas porcentaxes moi próximas no intervalo de 46 a 55 anos (25%) e no intervalo de 26 a 35 anos (24%).

NIVEL FORMATIVO O 87% das persoas contratadas é persoal non cualificado. Un 45% conta cun nivel formativo de ata certificado de escolaridade e un 42% con titulación de ensino obrigatorio.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Mulleres	70 %	Mulleres	86 %
De 36 a 45 anos	31 %	De 46 a 55 anos	31 %
Certificado escolaridade	45 %	Certificado escolaridade	53 %

TRABALLADOR DO LEITE



858

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións

7704

Ocupacións incluídas


Elaboradores de xeados. Queixeiros.

Traballadores da elaboración de produtos lácteos.

Traballadores do tratamento do leite.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABALLO



CRECIMENTO

A cifra de contratados no ano 2019 resulta superior á media da contratación dos catro anos anteriores. Deste xeito, parece superarse o descenso da contratación destes profesionais reflectido no ano 2018.

No último ano atopamos un incremento do 20% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos catro anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como traballadores de elaboración de lácteos resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Unha de cada tres persoas que demandan traballar como traballadores de produtos lácteos rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os traballadores do tratamento do leite e elaboración de produtos lácteos (incluídos xeados) fabrican manteiga e diversos tipos de queixo, crema e outros produtos lácteos.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Nove de cada 10 contratacións concéntranse nas industrias alimentarias.

Un 6% das contratacións realízanse a través de empresas de traballo temporal.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 306.

XÉNERO No último ano, case 3 de cada 5 persoas contratadas eran homes, o que contrasta co perfil do parado máis habitual, onde hai unha prevalencia feminina.

IDADE Preto de 2 de cada 3 persoas contratadas teñen menos de 36 anos. Desagregando por intervalos, o 41% dos contratados contan con idades comprendidas entre 26 e 35 anos, e un 24% son menores de 26 anos. Pola contra, os traballadores de 46 a 55 anos, que aparecen como o perfil do demandante parado máis habitual, só reflicten un 9% do total das contratacións.

NIVEL FORMATIVO Parece que se está comezando a valorar a formación profesional neste tipo de traballos; de feito, un 27% das persoas contratadas contan con esta formación fronte a un 26% que contan con tan só o certificado de escolaridade. Esta situación está afectando ao perfil por idade, onde hai unha preferencia por xente nova (formada) fronte a un perfil maior (sen formación).

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	58 %	Mulleres	58 %
De 26 a 35 anos	41 %	De 46 a 55 anos	36 %
Formación profesional	27 %	Certificado escolaridade	40 %

ELABORADOR BEBIDAS ALCOHÓLICAS



g 60

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


7706

Ocupacións incluídas

Bodegueiros de cervexa. Traballadores da elaboración de bebidas alcohólicas (distintas do viño)

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

A cifra de contratados no ano 2019 resulta superior á media da contratación dos catro anos anteriores. Deste xeito, parece superarse o descenso da contratación destes profesionais reflectido no ano 2018.

No último ano atopamos un incremento do 16% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Ao longo de todo o quinquenio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como elaboradores de bebidas alcohólicas distintas do viño resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Unha de cada cinco persoas que demandan traballar como elaboradores de bebidas alcohólicas rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.


ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os traballadores da elaboración de bebidas alcohólicas distintas do viño controlan e preparan as materias primas e auxiliares, realizando as operacións de elaboración, nas condicións establecidas nos manuais de procedemento e calidade, así como manexando a maquinaria e equipos correspondentes e efectuando o seu mantemento de primeiro nivel. Realizan as operacións de malteado e executan e controlan as operacións necesarias para obter malte, mostos, cervexas, sidras e outras bebidas alcohólicas distintas do viño.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Case toda a contratación destes profesionais ten lugar na actividade económica de fabricación de bebidas. Tanto o comercio por xunto como a industria da alimentación aparecen cun carácter testemuñal.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 102.

XÉNERO No último ano, practicamente 9 de cada 10 persoas contratadas eran homes.

IDADE Algo máis de 2 de cada 3 persoas contratadas son menores de 36 anos. Desagregando por intervalos, o 44% dos contratados contan con idades comprendidas entre 26 e 35 anos, e un 24% son menores de 26 anos. O perfil máis habitual do demandante parado sitúase nun tramo de maior idade: de 36 a 45 anos; este tramo concentra un 19% do total da contratación.

NIVEL FORMATIVO Sete de cada 10 persoas contratadas contan cun título de formación profesional, o que parece primar a formación específica á hora de atopar un traballo como elaborador de bebidas alcohólicas distintas do viño.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	89 %	Homes	74 %
De 26 a 35 anos	44 %	De 36 a 45 anos	42 %
Formación profesional	71 %	Formación profesional	37 %

ELABORADOR DE VIÑO



862

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións

7707


Ocupacións incluídas

Bodegueiros vinícolas.

Operarios na elaboración de viño.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

A pesar da traxectoria irregular reflectida na evolución da contratación, a cifra de contratados no ano 2019 resulta superior á media da contratación dos catro anos anteriores. En calquera caso, os anos de descenso (2016 e 2018) non supoñen caídas bruscas no ritmo da contratación.

No último ano atopamos un incrementado 4% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Ao longo de todo o quinquenio, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como elaboradores de viño resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indicaría unha boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade. Tres de cada 10 persoas que demandan traballar como elaboradores de viño rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.


ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os traballadores da elaboración de viño realizan as operacións de elaboración, crianza e envasado de viños, augardentes, licores e outros produtos derivados, nas condicións establecidas nos manuais de procedemento e calidade; tamén manexan a maquinaria e os equipos correspondentes e efectúan o seu mantemento de primeiro nivel.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Sete de cada 10 contratos destes profesionais teñen lugar na actividade industrial de fabricación de bebidas. En segundo termo, cómpre salientar a importancia do sector agrogandeiro, onde se concentra o 28% da contratación destes profesionais. Neste ámbito é onde se integran, en maior medida, as bodegas.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 934.

XÉNERO No último ano, 7 de cada 10 persoas contratadas eran homes.

IDADE Case 3 de cada 5 persoas contratadas son menores de 36 anos. Desagregando por intervalos: o 31% dos contratados son traballadores menores de 26 anos, e un 27% son traballadores de entre 26 e 35 anos. O perfil máis habitual do demandante parado sitúase nun tramo amplo de 26 a 45 anos, xa que o peso dos dous intervalos que o integran (de 26 a 35 e de 36 a 45) é igual: un 26% para ambos os dous.

NIVEL FORMATIVO Case 7 de cada 10 persoas contratadas son persoas non cualificadas: un 38% conta cun nivel máximo de certificado de escolaridade e un 31% posúe titulación de ensino obrigatorio. Os traballadores con formación profesional concentran só un 15% da contratación total.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	71 %	Homes	70 %
Menores de 26 anos	31 %	De 26 a 45 anos	52 %
Certificado escolaridade	38 %	Formación profesional	36 %

TRABALLADOR TRATAMENTO MADEIRA



g 64

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións

7811


Ocupacións incluídas

Traballadores do tratamento da madeira, en xeral.

Traballadores do tratamento da cortiza, en xeral.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABALLO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como traballadores do tratamento da madeira levan dous anos consecutivos de forte crecemento, despois de reflectir unha evolución irregular nos anos anteriores. No período 2017-2019 atopamos un incremento do 53% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

A pesar da traxectoria irregular das contratacións, podemos apreciar como, durante todo o quinquenio, o número de persoas que demandan traballar como traballadores de preparación da madeira resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo dos cinco anos. Este diferencial entre oferta e demanda acrecentouse notablemente en 2019, o que indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tres de cada 10 persoas que demandan traballar na preparación da madeira rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os traballadores do tratamento da madeira secan, conservan e tratan a madeira manualmente ou usando equipos para o tratamento da madeira, tales como fornos e cubas de tratamento.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Case 2 de cada 3 contratos a traballadores de preparación da madeira rexístranse na industria da madeira e a cortiza. En segundo termo, destaca o comercio por xunto e a reparación de maquinaria (esta CNAE inclúe a reparación naval).



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 368.

XÉNERO No último ano, practicamente todas as contratacións rexistradas foron a homes.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos, o 30% das persoas contratadas. En segundo termo está o intervalo de 36 a 45 anos, cun 26% do total das persoas contratadas. Pola contra, o perfil de demandante parado máis habitual, os maiores de 55 anos, só rexistra un 9% do total da contratación.

NIVEL FORMATIVO O 85% das persoas contratadas son persoas non cualificadas: un 44% presenta un nivel de ata certificado de escolaridade e un 41% a titulación de ensino obrigatorio. Tan só un 6% das persoas contratadas contan cunha formación profesional.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	95 %	Homes	74 %
De 26 a 35 anos	30 %	Maiores de 55 anos	29 %
Certificado escolaridade	44 %	Certificado escolaridade	45 %

OPERADOR PRODUTOS PAPEL



866

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


8143

Ocupacións incluídas

Operadores de máquinas para fabricar produtos de papel e cartón. Operadores de máquinas para cortar-pregar o papel e o cartón. Operadores de máquinas troqueladoras de papel e cartón. Verificadores de produtos acabados de papel e cartón.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como operadores de fabricación de produtos de papel e cartón reflicten un crecemento sostido no último quinquenio. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 85% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos cinco anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar neste grupo primario resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tres de cada 10 persoas que demandan traballar como operadores de fabricación de produtos de papel e cartón rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.


ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os operadores de máquinas para fabricar produtos de papel accionan e vixían máquinas que fabrican caixas, sobres, bolsas e outros produtos de papel, cartón, cartolina e materiais similares.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Case a metade da contratación concéntrase na fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos (embalaxes para o envío e distribución deste tipo de produtos). En segundo termo, concéntrase na industria do papel.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 513.

XÉNERO No último ano, aproximadamente 3 de cada 4 persoas contratadas eran homes.

IDADE Algo máis de 3 de cada 5 contratos rexistrados reflíctense no intervalo de 26 a 45 anos. O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 36 e 45 anos, un 32%, seguido de preto polo intervalo de 26 a 35 anos, cun 31% do total das persoas contratadas. As persoas de 46 a 55 anos, que constitúen o perfil máis habitual no desemprego, representan tan só o 15% da contratación.

NIVEL FORMATIVO Non parece requirirse formación específica, aínda que o colectivo máis contratado é aquel que posúe bacharelato ou equivalente, cun 34% do total da contratación, seguido, a certa distancia, polos traballadores que contan tan só con certificado de escolaridade (26%).

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	74 %	Homes	54 %
De 36 a 45 anos	32 %	De 46 a 55 anos	31 %
Bacharelato	34 %	Certificado escolaridade	38 %

OPERADOR MAQUINARIA FIXA



868

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


8199

Ocupacións incluídas

Operadores de equipos compresores de aire. Operadores de equipos compresores de frío. Operadores de equipos compresores de gas. Operadores de planta de aire acondicionado/de refrixeración/de ventilación e calefacción.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como operadores de maquinaria e instalacións fixas reflicten un crecemento sostido no último quinquenio. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 186% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos cinco anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar neste grupo primario resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só o 18% das persoas que demandan traballar como operadores de maquinaria e instalacións fixas rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Este grupo primario abarca os operadores de instalacións de máquinas e de instalacións fixas non clasificadas en ningunha outra epígrafe do subgrupo principal 81 de “operadores de instalacións fixas e máquinas”. Neste grupo están incluídos os operadores de máquinas que fabrican chips de silicio e que empalman cables e cordas.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Sete de cada 10 contratos concéntranse na industria do automóbil (as ocupacións máis vinculadas serían os operadores de equipos compresores). Por outra banda, 2 de cada 10 contratos reflicten un carácter transversal en diferentes actividades económicas.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 825.

XÉNERO No último ano, aproximadamente 9 de cada 10 persoas contratadas eran homes.

IDADE Algo máis de 7 de cada 10 contratos rexistrados reflíctense no intervalo de 26 a 45 anos. O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 36 e 45 anos, un 36%, seguido de preto polo intervalo de 26 a 35 anos, cun 35% do total das persoas contratadas.

NIVEL FORMATIVO A maior porcentaxe de contratacións reflíctese no colectivo de traballadores que contan cun nivel de certificado de escolaridade (37%), seguido polos traballadores con título de formación profesional (29%). Debemos ter en conta que algunhas profesións vinculadas a este grupo requiren unha habilitación profesional; de aí que, nestes casos, sexa exixible unha formación profesional ou certificado de profesionalidade (frigoristas industriais ou instaladores de gas).

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	89 %	Homes	95 %
De 36 a 45 anos	36 %	De 26 a 35 anos	30 %
Certificado escolaridade	37 %	Formación profesional	41 %

MONTADOR E ENSAMBLADOR



870

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


8209

Ocupacións incluídas

Ensambladores en cadea de montaxe. Ensambladores de produtos metálicos, en xeral. Montadores mobles cociña/mobles de madeira. Montadores de produtos con elementos de diferentes materiais/embalaxes de madeira. Montadores en liñas de ensamblaxe de automoción

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABALLO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como montadores e ensambladores levan catro anos consecutivos de crecemento. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 157% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos tres anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como montadores e ensambladores resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só un 15% das persoas que demandan traballar neste grupo ocupacional rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha estabilidade laboral media nestes postos de traballo.

Os montadores e ensambladores incluídos neste grupo ensamblan varios produtos que non conteñen compoñentes mecánicos, eléctricos nin electrónicos, de conformidade con normas de prescricións estritas (madeira, plástico, metal). Baseándose na análise da contratación, teñen especial peso, dentro deste grupo, os montadores en liñas de ensamblaxe de automoción.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Catro de cada 10 contratos teñen lugar na industria do automóbil, o que relacionamos coas ocupacións de ensamblaxe en liñas de automoción. En segundo termo, aparecen salientadas as actividades de creación artística, en referencia aos montadores de escenarios.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 4.225.

XÉNERO No último ano, algo máis de 3 de cada 4 das persoas contratadas eran homes.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 34% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo, atopamos o intervalo inmediato seguinte, de 36 a 45 anos, cunha porcentaxe do 31%.

NIVEL FORMATIVO O 30% das persoas contratadas contan cun título de formación profesional. En calquera caso, tamén ten un importante peso a contratación non cualificada, que entendemos que fai referencia ás ocupacións de montadores non ligadas ás liñas automatizadas de produción industrial.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	77 %	Homes	81 %
De 26 a 35 anos	34 %	De 36 a 45 anos	29 %
Formación profesional	30 %	Certificado escolaridade	37 %

OPERADOR MAQUINARIA FORESTAL



872

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


8322

Ocupacións incluídas

Condutores-operadores de maquinaria forestal con motor,
en xeral.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como operadores de maquinaria forestal móbil levan tres anos consecutivos de crecemento. No período 2016-2019 atopamos un incremento do 38% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos dous anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como operadores de maquinaria forestal resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só o 8% das persoas que demandan traballar como operadores de maquinaria forestal rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.


ESTABILIDADE LABORAL

Estabilidade laboral media
nestes postos de traballo.

Os operadores de maquinaria forestal móbil conducen, manexan, operan e controlan un ou máis tipos de máquinas motorizadas, maquinaria móbil ou equipos utilizados en operacións forestais.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Dous de cada tres contratos a operarios de maquinaria forestal teñen lugar na actividade de silvicultura e explotación forestal. En segundo termo, aparece a Administración pública como órgano contratante destes profesionais.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 741.

XÉNERO No último ano, case todas as persoas contratadas eran homes.

IDADE Practicamente 3 de cada 5 contratos realizados son a traballadores de entre 26 e 45 anos. O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 32% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo está o intervalo de 36 a 45 anos, cun 27%.

NIVEL FORMATIVO Algo máis de 9 de cada 10 contratos son realizados a traballadores non cualificados: un 51% con certificado de escolaridade e un 43% a traballadores con ensino obrigatorio. Existen cursos específicos para estes traballos a través de certificados de profesionalidade, aínda que non se trata dunha formación exixible por non ser unha profesión regulada.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	99 %	Homes	99 %
De 26 a 35 anos	32 %	De 46 a 55 anos	34 %
Certificado escolaridade	51 %	Certificado escolaridade	40 %

CONDUTOR DE MOTOCICLETAS



874

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións

8440


Ocupacións incluídas

Condutores-repartidores en motocicleta, ciclomotor e/ou motocarro, agás mensaxaría.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO

- Contratados
- Demandas totais



CRECIMENTO

As persoas contratadas como condutores de motocicletas levan catro anos consecutivos de crecemento. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 73% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos tres anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como condutores de motocicletas resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só un 17% das persoas que demandan traballar neste grupo ocupacional rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL


Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os condutores de motocicletas e ciclomotores conducen e ocúpanse de motocicletas ou triciclos con motor equipados para o transporte de materiais, mercadorías ou pasaxeiros.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Dous de cada tres contratos rexístranse nos servizos de comidas e bebidas.

En segundo termo, destaca o peso nas actividades postais, o que estaría vinculado ao comercio en liña.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 1.389.

XÉNERO No último ano, practicamente todas as persoas contratadas eran homes.

IDADE O 85% das persoas contratadas teñen menos de 36 anos. O colectivo con maior número de persoas contratadas son os menores de 26 anos, que acada un 49% da contratación, seguidos polos traballadores de 26 a 35 anos, cun 36%.

NIVEL FORMATIVO Esta ocupación está integrada dentro das denominadas ocupacións elementais. Por este motivo, o 84% das persoas contratadas son persoal non cualificado: un 55% con ata certificado de escolaridade e outro 29% con ensino obrigatorio.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	96 %	Homes	95 %
Menores de 26 anos	49 %	De 26 a 35 anos	37 %
Certificado escolaridade	55 %	Certificado escolaridade	52 %

AXUDANTE DE COCIÑA



876

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións

9310


Ocupacións incluídas

Marmitóns.

Pinches de cociña.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como axudantes de cociña levan catro anos consecutivos de crecemento. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 30% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos tres anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como axudantes de cociña resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só un 16% das persoas que demandan traballar neste grupo ocupacional rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.


ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha estabilidade laboral media nestes postos de traballo.

Os axudantes de cociña retiran as mesas, limpan as zonas de cociña, preparan ingredientes e realizan outras tarefas auxiliares para os responsables de preparar e servir os alimentos e bebidas.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Case toda a contratación se concentra na hostalaría, especialmente nos servizos de comidas e bebidas, que concentran 4 de cada 5 contratos realizados a estes profesionais.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 12.568.

XÉNERO No último ano, case 7 de cada 10 das persoas contratadas eran mulleres.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas é o de idades comprendidas entre 36 e 45 anos, que acada un 25% da contratación. En calquera caso, é unha ocupación cun peso da contratación moi repartido entre os diferentes intervalos de idade: un 24% no intervalo de 46 a 55 anos, un 22% no grupo de 26 a 35 anos e un 20% nos menores de 26 anos.

NIVEL FORMATIVO Esta ocupación está integrada dentro das denominadas ocupacións elementais. Por este motivo, o 86% das persoas contratadas son persoal non cualificado: un 43% con ata certificado de escolaridade e outro 43% con ensino obrigatorio.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Mulleres	68 %	Mulleres	82 %
De 36 a 45 anos	25 %	De 46 a 55 anos	32 %
Certificado escolaridade	43 %	Certificado escolaridade	61 %

PREPARADOR COMIDA RÁPIDA



878

OBSERVATORIO DO EMPREGO

Clasificación nacional de ocupacións


9320

Ocupacións incluídas

Preparadores de pizza.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como preparadores de comidas rápidas viñan encadeando tres anos de crecemento continuado e rexistran un estancamento contractual en 2019. A pesar deste freo no crecemento, no período 2015-2019 atopamos un incremento do 121% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos catro anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como preparadores de comida rápida resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Tan só un 16% das persoas que demandan traballar neste grupo ocupacional rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os preparadores de comidas rápidas preparan e cociñan unha serie limitada de alimentos e bebidas caracterizados por procesos de preparación sinxelos e polo emprego dun pequeno número de ingredientes. Pode tomarlles o pedido aos clientes e servirilles en mostradores ou mesas.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Practicamente toda a contratación se concentra nos servizos de comidas e bebidas, con case 9 de cada 10 contratos realizados a estes profesionais. En segundo termo, un 8% da contratación, rexístrase no comercio polo miúdo.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 488.

XÉNERO No último ano, o 67% das persoas contratadas eran mulleres.

IDADE O 84% da contratación concéntrase en traballadores que contan con menos de 36 anos. A situación é a seguinte: o 62% das persoas contratadas son menores de 26 anos e o 22% prodúcese no intervalo de 26 a 35 anos. De feito, os maiores de 45 anos só rexistran un 6% do total da contratación.

NIVEL FORMATIVO Esta ocupación está integrada dentro das denominadas ocupacións elementais. Por este motivo, o 82% das persoas contratadas son persoal non cualificado: un 57% con ata certificado de escolaridade e outro 25% con ensino obrigatorio.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Mulleres	67 %	Homes	58 %
Menores de 26 anos	62 %	De 26 a 35 anos	35 %
Certificado escolaridade	57 %	Certificado escolaridade	53 %



Clasificación nacional de ocupacións


9433

Ocupacións incluídas

Repartidores a domicilio a pé ou en vehículo non motorizado.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como repartidores ou recadeiros levan catro anos consecutivos de crecemento. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 76% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

No último ano, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar como repartidores ou recadeiros resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Case 1 de cada 4 persoas que demandan traballar como repartidores rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.


ESTABILIDADE LABORAL

A estabilidade laboral nestes postos de traballo é alta.

Os repartidores, recadistas e mensaxeiros a pé levan mensaxes, transportan paquetes e outros obxectos aos seus destinatarios dun establecemento a outro, así como a domicilios particulares e outros lugares. Desprázanse a pé.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

O 30% da contratación concéntranse nas actividades postais. En segundo termo destacan os servizos de comidas e bebidas, polo que se refire ao envío de comidas a domicilio, e, moi preto, as actividades relacionadas coa industria da alimentación.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 1.647.

XÉNERO No último ano, o 87% das persoas contratadas eran homes.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é aquel con idades comprendidas entre 26 e 35 anos; de feito, o 35% das persoas contratadas sitúanse neste segmento de idade. En segundo termo, atopamos o intervalo de 36 a 45 anos (28%). No entanto, o perfil con máis demandantes parados sitúase nun rango de idade superior.

NIVEL FORMATIVO O 83% das persoas contratadas é persoal non cualificado. Un 54% conta cun nivel formativo de ata certificado de escolaridade e un 29% con titulación de ensino obrigatorio.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	87 %	Homes	79 %
De 26 a 35 anos	35 %	De 46 a 55 anos	32 %
Certificado escolaridade	54 %	Certificado escolaridade	49 %



Clasificación nacional de ocupacións


9511

Ocupacións incluídas

Peóns agrícolas, en xeral.

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABAJO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como peóns agrícolas reflicten un crecemento sostido no último quinquenio. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 47% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos cinco anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar neste grupo primario resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Aproximadamente 1 de cada 5 persoas que demandan traballar como peóns agrarios rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL


A estabilidade laboral nestes postos de traballo é de tipo medio.

Os peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns) realizan tarefas sinxelas e rutineiras na produción de cultivos extensivos e cultivos leñosos, tales como froitas, noces, grans e hortalizas en explotacións agrícolas. Non conducen maquinaria agrícola.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Catro de cada cinco contratos concéntranse no sector agrogandeiro.

En segundo termo, o 13% dos contratos rexístranse na industria de fabricación de bebidas, posiblemente vinculados con tarefas de viticultura.



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 5.647.

XÉNERO No último ano, 2 de cada 3 persoas contratadas eran homes.

IDADE O colectivo con maior número de persoas contratadas no mercado de traballo galego é o dos menores de 26 anos, cun 27% do total da contratación. En calquera caso, o peso da contratación está bastante repartido, xa que o grupo de 36 a 45 anos concentra un 24% e o intervalo de 26 a 35 anos acada un 22%. As persoas de 46 a 55 anos, que constitúen o perfil máis habitual no desemprego, representan o 18% da contratación.

NIVEL FORMATIVO Esta ocupación está integrada dentro das denominadas ocupacións elementais. O 85% das persoas contratadas son traballadores non cualificados: o 57% contan con certificado de escolaridade e o 28% dos traballadores, con titulación de ensino obrigatorio.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	67 %	Homes	69 %
Menores de 26 anos	27 %	De 46 a 55 anos	30 %
Certificado escolaridade	57 %	Certificado escolaridade	64 %



Clasificación nacional de ocupacións

9520


Ocupacións incluídas

Mozos de corte.

Peóns gandeiros, en xeral

ANÁLISE DE INDICADORES

PERSPECTIVAS MERCADO DE TRABALLO



CRECIMENTO

As persoas contratadas como peóns gandeiros reflicten un crecemento sostido no último quinquenio. No período 2015-2019 atopamos un incremento do 25% do número de contratados.

OCUPABILIDADE LABORAL

Nos últimos cinco anos, podemos apreciar como o número de persoas que demandan traballar neste grupo primario resulta inferior ao número total de persoas contratadas ao longo do ano. Este diferencial entre oferta e demanda indica unha moi boa perspectiva de emprego destes profesionais na actualidade.

Unha de cada cinco persoas que demandan traballar como peóns gandeiros rexistran na súa demanda de emprego esta solicitude de traballo como a primeira opción.

ESTABILIDADE LABORAL

Existe unha alta estabilidade laboral nestes postos de traballo.

Os peóns gandeiros realizan tarefas sinxelas e rutineiras na produción de animais, incluídas as aves de curral e os insectos.

ACTIVIDADES QUE MÁIS CONTRATAN

Case todos os contratos rexistrados se concentran no sector agrogandeiro. Reflictese unha lixeira presenza destes profesionais nas actividades deportivas e recreativas vinculadas con animais (por exemplo, na hípica).



ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

O número de persoas contratadas ao longo de 2019 nesta ocupación foi de 1.737.

XÉNERO No último ano, o 78% das persoas contratadas eran homes.

IDADE Máis da metade da persoas contratadas concéntranse no intervalo de 26 a 45 anos, aínda que resulta un grupo ocupacional cun peso contractual moi repartido polos diferentes tramos de idade. O grupo de 36 a 45 anos concentra un 26% e o intervalo de 26 a 35 anos acada un 25%. As persoas de 46 a 55 anos, que constitúen o perfil máis habitual no desemprego, representan o 20% da contratación. Esta mesma porcentaxe é a que reflicten os menores de 26 anos (20%).

NIVEL FORMATIVO Esta ocupación está integrada dentro das denominadas ocupacións elementais. O 93% das persoas contratadas son traballadores non cualificados: o 61% contan con certificado de escolaridade e o 32% con titulación de ensino obrigatorio.

Perfil	Persoas contratadas	Perfil	Demandante parado
Homes	78 %	Homes	76 %
De 36 a 45 anos	26 %	De 46 a 55 anos	26 %
Certificado escolaridade	61 %	Certificado escolaridade	72 %

dos análise dos resultados análise dos resultados

NOTA COVID-19

Os 37 grupos ocupacionais son os recomendados atendendo á información rexistrada no último quinquenio 2015-2019. As circunstancias motivadas pola COVID supoñen o paso a unha nova normalidade, o que pode afianzar o posicionamento dalgúns destes grupos, supor a desaparición temporal ou definitiva doutros, ou provocar a aparición de perfís profesionais que xorden dos novos condicionantes do mercado de traballo, non só galego, senón mundial. Unha vez rematado o ano 2020, realizaremos un novo estudo que nos permitirá extraer conclusións ao respecto.

RESUMO DE RESULTADOS

As fichas seleccionadas neste estudo amosan unha gran variabilidade, tanto pola súa vinculación sectorial como polos requirimentos de cualificación no seu desempeño. Imos estruturalas por bloques agrupados por actividades económicas:

SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS (7 perfís)

Este primeiro gran bloque fai referencia, practicamente na súa totalidade, a emprego cualificado.

-
- Médico de familia
 - Veterinario
 - Farmacéutico
 - Óptico-optometrista
 - Terapeuta ocupacional
 - Quiropráctico
 - Técnico de emerxencias sanitarias

Os cinco primeiros perfís contratan titulados universitarios, preferentemente mulleres. O quiropráctico é un profesional non regulado en Galicia, de aí que se realicen contratos tanto a persoas con formación non regrada como a persoas con formación acreditada (titulados universitarios). Pola contra, os técnicos de emerxencias sanitarias si que contan con regulación, polo que requiren dunha formación profesional ou, no seu defecto, dun certificado de profesionalidade. Contrátanse en maior medida homes, en detrimento dun maior número de mulleres demandantes paradas.

A crise sanitaria de 2020 reactivou a contratación de profesións sanitarias, polo que algunhas destas ocupacións poden verse beneficiadas por un auxe de ofertas laborais, especialmente os médicos de familia, os farmacéuticos e os técnicos en emerxencias sanitarias.

AREA DE ENXEÑARÍA E INFORMÁTICA (6 perfís)

Todo o emprego relacionado nesta área é emprego cualificado e está claramente masculinizado, tanto na demanda de emprego como no maior volume contractual.

-
- Enxeñeiro en construción
 - Enxeñeiro 4.0
 - Especialista en ciberseguridade
 - Técnico en sistemas informáticos
 - Programador informático
 - Analista de xestión

Neste grupo atopamos unha serie de ocupacións dirixidas a titulados universitarios: os enxeñeiros en construción e os “enxeñeiros 4.0” (I+D, materiais, deseño e seguridade). Os analistas de xestión son profesionais que se sitúan dentro da área de organización industrial e xestión empresarial. Requírese titulación superior e apréciase un certo nesgo cara á contratación masculina. Pola súa parte, os

empregos informáticos son traballos cualificados, pero aparecen vinculados en maior medida á formación profesional: especialistas en ciberseguridade, técnicos en operacións de sistemas e programadores informáticos. Ademais, apréciase unha maior contratación de xente nova, de 26 a 35 anos, mentres que o perfil parado máis habitual pertence a un intervalo de maior idade, de 36 a 45 anos. A área das TIC é unha das grandes beneficiadas a consecuencia da COVID-19, polo forte impulso reflectido no teletraballo e no mundo dixital, polo que prevemos que sigan ofrecendo boas oportunidades laborais ao longo do ano 2020.

ACTIVIDADES INDUSTRIAIS (9 perfís)

Neste apartado incluímos unha serie de empregos vinculados a diferentes ramas da industria galega. En termos xerais, aparecen cun claro nesgo masculino, mentres que a formación requirida é moi diversa.

-
- | | | |
|----------------------------------|--------------------------------------|--|
| • Montador e ensamblador | • Traballador da industria do peixe | • Elaborador de bebidas alcohólicas |
| • Operador de maquinaria fixa | • Traballador do tratamento do leite | • Traballador do tratamento da madeira |
| • Verificador axustador de metal | • Elaborador de viño | • Operador de produtos de papel |

O sector do metal aparece representado en varios perfís. Tanto os montadores e ensambladores como os operadores de maquinaria fixa aparecen vinculados á industria do automóbil, mentres que o verificador axustador de metal se concentra, en maior medida, en empresas de ensaios e análises técnicas.

Atopamos unha importante representación de perfís dentro das industrias alimentarias e de fabricación de bebidas. Os traballadores da industria do peixe son, na súa maior parte, mulleres non cualificadas, constituíndo a única excepción de maior contratación feminina dentro deste grupo de actividades industriais. Tamén aparecen perfís vinculados a outro tipo de actividades, como o tratamento de madeira e a elaboración de produtos de papel. Nesta última destaca o feito de solicitar persoas con formación de Bacharelato.

A industria alimentaria e de bebidas seguiu activa ao longo do estado de alarma. Outras actividades, como a rama do automóbil e a madeira, estiveron paradas durante varias semanas, reactivándose con posterioridade.

AGROGANDEIRO E FORESTAL (4 perfís)

Neste apartado incluímos unha serie de empregos vinculados co sector primario.

-
- | | | | |
|---------------------|-----------------------------------|-----------------|-----------------|
| • Gandeiro de vacún | • Operador de maquinaria forestal | • Peón agrícola | • Peón gandeiro |
|---------------------|-----------------------------------|-----------------|-----------------|

Son ocupacións masculinizadas nas cales non se require cualificación específica. O gran diferencial entre estas ocupacións vén pola idade que aparece dentro do perfil máis habitual da contratación. Podemos comprobar como as ocupacións relacionadas coa gandaría prefiren persoas con certa experiencia profesional, contratando en maior medida traballadores do intervalo de 36 a 45 anos; os operadores de maquinaria forestal solicitan preferentemente persoas de 26 a 35 anos; e os peóns agrarios, menores de 26 anos.

As actividades do sector primario forman parte das actividades catalogadas como esenciais durante a pandemia da COVID-19, polo que non deixaron de producir en ningún momento. En calquera caso, a paralización de canles de distribución supuxo un prexuízo para algunhas granxas, o que pode repercutir nunha mingua da contratación de profesionais do sector.

LOXÍSTICA E TRANSPORTES (3 perfís)

Neste apartado incluímos unha serie de empregos fortemente masculinizados:

-
- Empregado de loxística
 - Conductor de motocicletas
 - Repartidor

No caso de empregados de loxística, requírese unha maior formación, aínda que de tipo xeneralista (Bacharelato), mentres que nos condutores de motocicletas e repartidores se contratan homes novos sen formación.

O estímulo do comercio en liña, polo efecto da COVID-19, e o auxe das entregas de comidas a domicilio poden favorecer que estes perfís profesionais sigan a obter bos resultados a pesar da crise sanitaria.

CONSTRUCCIÓN (3 perfís)

Neste apartado incluímos unha serie de empregos vinculados en maior medida co sector da construción, aínda que tamén están presentes na industria.

-
- Traballador de obras estruturais
 - Instalador de material illante
 - Instalador reparador de liñas eléctricas

Son ocupacións fortemente masculinizadas nas cales non se require cualificación específica. Si se aprecia unha maior preferencia por persoas de certa experiencia profesional, sendo o perfil máis contratado o comprendido entre 36 e 45 anos.

A construción considerouse unha actividade esencial, só paralizada dúas semanas dentro do estado de alarma.

HOSTALARÍA (2 perfís)

Este sector tan só presenta dúas ocupacións de baixa cualificación.

-
- Axudante de cociña
 - Preparador de comida rápida

Os indicadores manexados neste estudo desbotaron algunhas ocupacións deste sector, xa que, a pesar de aumentar o número de persoas contratadas, rexistran unha estabilidade laboral baixa. Por este motivo, só aparecen dúas ocupacións ligadas ao emprego feminino. Mentres que os preparadores de comida rápida contratan traballadores novos, os axudantes de cociña si requiren unha certa experiencia profesional, decantándose, en maior medida, polos traballadores que pertencen ao intervalo de 36 a 45 anos.

A COVID-19 prexudicou especialmente as actividades de hostalaría, polo que ambas as dúas ocupacións poden ver diminuído o número de persoas contratadas ao longo de 2020. A día de hoxe, e a pesar da boa perspectiva de emprego reflectida no último quinquenio, resulta arriscado supor que se manterá a situación favorable descrita para estes dous perfís a curto prazo.

SERVIZOS Á COMUNIDADE (2 perfís)

Agrupamos dúas ocupacións pertencentes ao sector servizos, aínda que moi dispares no seu contido

- Monitor de actividades

- Supervisor de limpeza

O monitor de actividades é unha ocupación feminizada que se decanta por traballadoras novas. En calquera caso, cómpre salientar que os monitores de tempo libre son unha profesión regulada que precisa dunha formación acadada a través de cursos específicos.

Pola súa parte, os supervisores de limpeza non contan con formación acreditada e contratan, en maior medida, homes de idades intermedias. As actividades de limpeza vense potenciadas dentro da crise sanitaria, polo que poderían seguir reflectindo unhas boas perspectivas de emprego. Pola contra, os monitores de actividades van ver minorada a súa actividade na nova normalidade, polo que o resultado acadado ao longo deste ano podería facer caer esta ocupación do catálogo.

ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS (1 perfil)

Esta ocupación é unha profesión regulada, polo que debe contar cun título de formación profesional ou certificado de profesionalidade.

- Bañista-socorrista

Trátase dunha actividade masculinizada que depende da apertura de praias e piscinas para poder desenvolver a súa actividade. A volta á nova normalidade leva parella una reactivación de actividades ao aire libre.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Este traballo relaciona unha serie de ocupacións con boas **PERSPECTIVAS DE EMPREGO** en Galicia segundo os resultados dos indicadores manexados dende o Observatorio.

A guía xorde como un instrumento dirixido á **ORIENTACIÓN LABORAL** e proporciona unha serie de posibles itinerarios profesionais diversos, tanto pola súa natureza, como polo nivel de cualificación esixida.

Esta análise ocupacional nace con carácter de **CONTINUIDADE** polo que, en próximas edicións, teremos en conta a evolución do emprego xerado en Galicia e as novas características dos traballos do futuro.

**Guía das
ocupacións:**

**PERSPECTIVA
DE EMPREGO
EN GALICIA**



**XUNTA
DE GALICIA**